



ACTA DE REUNIÓN

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: AMBIENTAL

Nº de acta: 1/2017

Lugar da reunión: Salón de Plenos municipal

Data: 24/04/2017

Hora: 20:15

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

- 1) Óscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada e concelleiro de Participación Cidadá,
- 2) Xosé Lois Suárez Becerra, concelleiro de Medio Ambiente,
- 3) Xosé Fernando Fariña, secretario de alcaldía,
- 4) Mª Cruz Fernández, a título individual,
- 5) Mª Carmen García Fernández, a título individual,
- 6) Pedro Abeledo Cortizas, a título individual,
- 7) Javier Pena García, a título individual,
- 8) Silvia Carro Vilalta, a título individual,
- 9) Juan Manuel Neira Fernández, en representación da Sociedade Galega de Historia Natural-Delegación de As Mariñas,
- 10) Tamara Rubiños Varela, que asiste a reunión como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada,

e actúa como **secretaria/o**:

Ismael Blanco Bouza, como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada.

Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA**:

1ª parte: de constitución do Consello Sectorial.

1. Presentación da sesión e resumo do proceso de creación de Consellos Sectoriais realizado ata o momento.
2. Presentación de representantes institucionais, representantes dos grupos políticos con presenza no pleno, e representantes das asociacións que desexan integrarse.
3. Presentación das veciñas e veciños integrantes do Consello Sectorial a título individual.



4. Funcionamento do Consello Sectorial para a elaboración dun Regulamento Interno:

4.1. Establecemento das funcións do Consello Sectorial.

4.2. Establecemento da periodicidade das reunións.

4.3. Establecemento das canles de comunicación internas e externas.

5. Outros.

2ª parte: da seguinte reunión.

6. Temas a tratar na seguinte reunión do Consello, para comezar a elaborar a orde do día.

7. Varios.

8. Determinación da data, hora e lugar da seguinte reunión

9. Lectura da acta de constitución, sinatura da mesma polas persoas presentes e peche da sesión.

Da 1ª parte da reunión:

- Dá comezo a sesión coa presentación da mesma e a realización dun resumo do proceso levado a cabo ata o momento para a creación dos Consellos Sectoriais, por parte do equipo técnico presente na sesión.
- Preséntanse ás persoas presentes en representación do Concello, e expónse que asumirá as funcións de secretaría dos Consellos Sectoriais Xosé Fernando Fariña. En canto aos representantes dos distintos partidos políticos, Óscar Benito Portela manifesta que dende o grupo político de Sadamaioría se escolleu a Lois Arenas Barreiro. Xosé Lois Suárez Becerra expón que o BNG designará en breve á persoa representante do mesmo neste Consello Sectorial.
- Debátense a periodicidade das reunións e decídese por unanimidade a realización semestral de reunións ordinarias deste Consello.
- Debátense as canles de comunicación, e decídese que a orde do día se faga pública con 15 días de antelación, e a acta, ao cabo dos 30 días tras a realización da reunión.
- Acórdase a creación dun grupo de whatsapp para a comunicación interna do Consello Sectorial Ambiental, como complemento ao emprego tamén dun grupo de enderezos electrónicos. Opínase que a web municipal é o medio axeitado para publicitar as ordes do día e as actas de reunión unha vez aprobadas, así como os tablóns de anuncios físicos empregados para a publicidade de asuntos municipais.



- Queda constituído o Consello Sectorial Ambiental de Sada, composto polas persoas e entidades anteriormente sinaladas.

Da 2ª parte:

As persoas presentes no Consello Sectorial Ambiental recén constituído aportan, na orde en que se mostran, os seguintes temas de interese para ser tratados na seguinte reunión:

1. Normativa sobre benestar animal, a proposta do alcalde, co fin de contar coas aportacións veciñais para a nova ordenanza municipal, e abordar o emprego de praias para uso de animais. O borrador de proposta será enviado ás persoas e asociación que forman parte do Consello Sectorial Ambiental.
 2. Biodiversidade.
 3. Accións de eficiencia enerxética (IDAE).
 4. Espazos naturais a protexer, como a costa de Carnoedo.
 5. Mobilidade na área metropolitana.
 6. Ideas consensuadas para ser presentadas ás convocatorias de axudas do Grupo de Acción Costeira e ao Grupo de Desenvolvemento Rural.
 7. Programa de educación ambiental municipal do ano 2018. O programa actual será remitido ás persoas e asociación que forman parte do Consello Sectorial Ambiental.
 8. Voluntariado ambiental.
 9. Custodia do territorio, tanto política como privada.
 10. Implantación de sistemas piscícolas e pastorais.
- Dado o volume de temas a tratar, acórdase dar prioridade na seguinte orde do día aos puntos 1, 3, 6 e 7. Os resto de temas serán abordados en seguintes xuntanzas.

Data, hora e lugar da próxima reunión: 22/05/2017, ás 20:30h. no Salón de Plenos municipal.

Remata esta reunión sendo as 22:15. Todas as persoas presentes nestes momento asinan a presente acta e manifestan coñecer o contido da mesma.



ANEXO Á ACTA DE CONSTITUCIÓN:

Tamara Rubiños Varela, en representación Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do desenvolvemento do proceso de creación dos Consellos Sectoriais de Sada,

EXPÓN:

- Que con data 28 de abril de 2017, Mario Posse López con DNI. 32820002Z, MANIFESTOU o seu interese en integrarse no Consello Sectorial Ambiental de Sada.
- Que con data, 9 de maio de 2017, Raquel Veira Mosquera con DNI. 32807666Y, MANIFESTOU o seu interese en integrarse no Consello Sectorial Ambiental de Sada.
- Que con data, 10 de maio de 2017, a Plataforma pola Defensa da Ría Sada e Betanzos, MANIFESTOU o seu interese en integrarse no Consello Sectorial Ambiental de Sada.

En Sada, a 13 de maio de 2017.